

Resolución reitoral pola que se publica a listaxe definitiva da persoa con premio concedido e a súa contía, e a listaxe de agarda no premio Atlántic á mellor tese doutoral no ámbito das tecnoloxías de telecomunicación (en memoria dos investigadores Manuel Ramos e Fernando Isasi)

De conformidade co establecido no punto 6 do anexo I da Resolución Reitoral do 16 de outubro de 2023 no que se regulan as bases da convocatoria dun premio Atlántic á mellor tese doutoral no ámbito das tecnoloxías de telecomunicación (en memoria dos investigadores Manuel Ramos e Fernando Isasi) unha vez rematado o proceso de selección e segundo os criterios establecidos na convocatoria,

esta Reitoría RESOLVE:

1. Publicar a listaxe definitiva de persoa con premio concedido e a súa contía (Anexo I)
2. Publicar a listaxe de agarda (Anexo II).

De acordo co establecido no punto 8 da convocatoria, a persoa gañadora comprométese a facer unha breve presentación da súa tese de doutoramento (máximo 15 minutos) na cerimonia de entrega do devandito premio; sendo comunicada a data á persoa premiada no prazo mínimo de 30 días previa cerimonia.

No caso de non poder asistir de xeito presencial, a devandita presentación poderase facer de xeito virtual.

Ademais a persoa beneficiaria debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, do 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación

Belén Rubio Armesto



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

CSV : GEN-5ed3-6dfd-ae00-6426-1017-3e29-43ea-03db

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARIA BELEN RUBIO ARMESTO | FECHA : 04/04/2024 10:29 | NOTAS : F



ANEXO I

LISTAXE DE PERSOA CON PREMIO CONCEDIDO

Apellido1	Apellido2	Nome	Eido da tese doutoral	Contía
Parra	Gomez	Jorge	Doctorado en telecomunicación	2,000€


ANEXO II

LISTAXE DE AGARDA

Apellido1	Apellido2	Nome	Eido da tese doutoral	Puntuación total
Abdalmalak	Dawoud	Kerlos Atia	Doct.Inter.Multimedia y Comunicación	80,75
Muñoz	Enano	Jonatan	Doctorado en Ingeniería Electrónica y de Telecomunicación	70,75
Gil	Martín	Manuel	Doctorado en ingeniería de sistemas electrónicos	68,25

Código seguro de Verificación : GEN-5ed3-6dfd-ae00-6426-1017-3e29-43ea-03db | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>





CSV : GEN-5ed3-6dfd-ae00-6426-1017-3e29-43ea-03db
 DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>
FIRMANTE(1) : MARIA BELEN RUBIO ARMESTO | FECHA : 04/04/2024 10:29 | NOTAS : F